



EXCURSIÓN A MADRID. 26-30 XUÑO 2023

ESCOLAS DE  
**BALONMÁN XIRIA**



### **LUNS 26- Arrancamos!**

Viaxe de ida en autobús privado para o grupo.

Saída a primeira hora da mañá do aparcamento do depósito de auga (enfrente ao IES Alfredo Brañas).

Chegada ao aloxamento, reparto de habitacións, cea e velada nocturna.

*\*Non incluída a comida da viaxe de ida*



### **MARTES 27- Multiaventura + actividades**

Realización de actividades multiaventura (poden ser, por exemplo: circuío nas árbores, tiro con arco, laser tag...).

Pola tarde actividades no aloxamento (piscina, xogos en grupo...).

Velada nocturna e a descansar.



### **MÉRCORES 28- Visita cultural + actividades**

Visita cultural que variará en función da situación do aloxamento contratado e a dispoñibilidade para visitas de grupo nos mesmos.

(Exemplos de visita que se pode realizar: ruta turística en bus polo centro de Madrid, Planetario de Madrid, InsectaPark...)

Pola tarde actividades no aloxamento (piscina, xogos en grupo...).

Velada nocturna e a descansar.



### **XOVES 29- Parque Warner**

Día completo de atraccións, espectáculos e diversión no Parque Warner.

Cea e viaxe de volta a casa.



### **VENRES 30- Voltamos á casa**

Viaxe de regreso durante a noite con chegada a Carballo a primeira hora da mañá.

## + INFO

### **Data**

As datas propostas para a viaxe son do 26 ao 30 de xuño de 2023. As datas poden sufrir modificacións sendo estas sempre fóra do período escolar.

### **Prezo**

O prezo mostrado no dossier é orientativo á espera de recibir os prezos definitivos de aloxamento, transporte, etc. Tamén pode variar en función do número total de inscritxs. Ao longo do mes de xaneiro, intentarase comunicar o prezo final para organización das familias, intentando axustarse na medida do posible ao precio estimado enviado no dossier.

### **Aloxamento**

O aloxamento será en habitacións compartidas (Camping con Bungalows, Albergue...). A distribución de habitacións será feita polxs nenxs baixo a supervisión dxs monitorxs. No caso de mal comportamento, as habitacións poden ser reorganizadas.

### **Monitorxs**

Na excursión viaxarán como monitorxs membros do profesorado máis monitorxs de Escolas Balonmán Xiria. Informarase ás familias antes da viaxe de quenes serán xs monitorxs responsables dos grupos e haberá unha quedada cxs nenxs da excursión uns días antes para coñecerse, facer a distribución de habitacións, explicar o planning e as normas, etc.

### **Programa**

A información final referente a nome do aloxamento, actividades que realizarán, etc será comunicada ás familias unha vez se peche o programa coa cifra de inscritxs confirmada.

### **Normas e comportamento**

Xs nenxs deberán seguir en todo momento as indicacións dxs monitorxs e respetar as normas da viaxe. En caso de mal comportamento, poden non participar nalgún das actividades. En caso de falta moi grave de comportamento, estudarase a volta anticipada dx nenx.

### ***Dispositivos electrónicos***

Non se permitirá o uso de teléfonos móbiles durante a viaxe. No caso de levalo, serán gardados polxs monitorxs e deixaráselle aos nenxs pola noite, durante unha franxa horaria previamente determinada para que poidan falar coas familias. Facilitaráselle ás familias o número de teléfono dxs monitorxs para calquera urxencia. Así mesmo, xs nenxs que non leven teléfono móbil, poderán chamar ás familias desde o teléfono dxs monitorxs dentro desa franxa horaria previamente determinada.

Tampouco se permitirá o uso doutros dispositivos electrónicos coma videoconsolas, tablets, etc. Lembramos que a viaxe é para pasar tempo xuntxs, interactuar e desfrutar das actividades á vez que precisamos a máxima atención dxs nenxs durante as saídas e actividades.

Xs monitorxs tamén se encargarán de facer as fotos para que xs nenxs non teñan que levar cámara. Despois da viaxe, as fotos serán compartidas coas familias para que as poidan gardar de recordo.

### ***Diñeiro***

Cada nenx administrará e será responsable do seu diñeiro. Non poderán mercar nada sen a previa autorización dxs monitorxs. Lembrar que xs nenxs viaxan xa coas entradas adquiridas e pensión completa, só precisarán os cartos para mercar algún recordo ou algún refresco ou xeadado.

### ***Rifas***

Poñerase a disposición dxs participantes rifas para que poidan sufragar o custe da excursión. O reparto das mesmas farase durante o recreo con previo aviso ás familias. Deberá entregarse o importe dos talonarios xa vendidos para ir collendo máis. O máximo de rifas que se poden vender será para cubrir o importe da excursión, en ningún caso se poderán vender máis nin obter beneficio por esta venda de rifas. No caso de darse de baixa algún nenx que xa entregara importe de rifas, ese importe quedará para o grupo, non se devolverá. No caso de darse de baixa algún nenx que levara rifas e aínda non as abonara, deberán devolver as rifas ou entregar o importe correspondente ás mesmas.

O importe que se vaia entregando de rifas, será descontado das cuotas.

# CONDICIÓN

## **Inclúe:**

- Autobús privado para o grupo
- Monitorxs acompañantes ratio 1/20 + 1 coordinador/a
- Entradas ás actividades de pago descritas
- Aloxamento en Camping ou Albergue con pensión completa (agás a comida da viaxe de ida)
- Seguro de accidentes e RC
- Xornada pre-excursión para coñecemento de participantes e monitorxs, xogos en grupo, explicación do planning e normas...
- Rifas
- 1 camiseta e 1 gorra para cada participante



## **Condicións de contratación:**

- 30% antes do 31/01/2023
- 30% entre o 1 e o 10 de marzo de 2023
- 40% ata 30 días antes da excursión

O importe que se vaia abonando de rifas, será descontado das cuotas.

- O orzamento pode sufrir modificacións se hai cambios no programa, nas datas, na cantidade de nenxs...

## **Condicións de cancelación:**

- Ata 45 días antes da saída: devolución da reserva abonada.
- Ata 30 días antes da saída: devolución do 90% da reserva abonada.
- Con menos de 30 días de antelación: devolución do 70% do precio total da excursión.

## **Contacto:**

609.56.09.55

balonmanxiria@gmail.com

administracion@balonmanxiria.com

